



Fajardo D.  
IES María Casares

Narrativa

# Fin

## Calor. Moito calor. Sempre calor, calor e oscuridade. Vaia paradoxa!

Boto de menos tantas cousas. Os campos, as árbores, as flores, a luz do sol... todo aquilo que asemellaba tan normal, tan simple e vanal, agora non é máis que un vago recordo que permanece a duras penas nun recóndito oco da miña mente. Tan só hai unha cousa do pasado que non boto de menos: as mentiras.

Dixeron que as reservas de carbón durarían outros dez anos. Rematáronse en cinco. Aseguraron que quedaba petróleo para un par de anos máis. Foron meses. Prometeron que habían atopar unha fonte de enerxía alternativa e que todo se ía solventar. Mentían. Xuraron que os problemas de polución íanse eliminar para sempre grazas a un brillante proxecto que traían entre mans e que xa estaban a pñer en práctica. Mentían.

Dixeron que o nivel demográfico estaba a aumentar lentamente. Afirmaron que a economía se estaba a recobrar. MENTÍAN. Sempre mentían. Cada palabra que dicían cheiraba a falsidade. “Era polo ben da sociedade”, dicían cando todo foi descuberto. Outra xigante mentira. Quedáronse fitando de brazos cruzados como o mundo se viña abaixo: Inundacións, tsunamis, cambios de temperaturas de preto de trinta graos do día para a noite. O inferno na terra. E mentres eses preguiceiros e mentiráns se adicában a atopar a mellor forma de tranquilizar ás masas en lugar de intentar solucionar o problema. E así, en menos de seis anos, chegamos á situación actual: tódas as fontes de enerxía coñecidas esgotadas, toda edificación existente

Alumno: Diego Fajardo Facal


Lema: Fin

Centro: IES María Casares

Curso: 4º ESO

Descrición:

Relato curto



feita ruínas, epidemias chegadas á magnitude de pandemias, todo o coñecido, todas as posibles ilusións e plans de futuro botados por terra, esnaquizados coma se o mundo fose unha xigante bóla de cristal que se escachara en mil anacos. A escasa poboación restante tivo que fuxir, que abandonar os seus fogares e instalarse nos cumes dos montes máis altos que se derretiron co aumento das temperaturas e que pasaron a converterse nas únicas zonas moderadamente habitables do mundo, xa que as antigas cidades foron engulidas polo nivel do mar.

Voltámonos semisalvaxes, cazando calquera animal comestible e matando a quen sexa necesario para obtelo. ¿En qué nos convertimos? Tornámonos máis salvaxes cós animais. Tornámonos animais.

Posiblemente eu sexa a única persoa no mundo que saiba escribir. A verdade é que non sei por que escribo isto. Se cadra alguén se ha salvar. Se cadra alguén, dentro de moitos anos, lee isto e entende o que pasou...

Que parvadas! Ninguén se ha salvar. Todos e cada un dos componentes da raza humana, que digo? todo ser vivo sobre a faz da Terra

ha morrer en cuestión de meses.

Por iso, para qué esperar? Sei que estas palabras que escribo non son máis cás elucubracións dun enfermo de tolemia terminal. Ninguén vai ler isto. Ninguén. Nunca.

Aquí no Everest temos unha temperatura duns 30° centígrados. Asómome ao baleiro. Atópome no alto dun cantil. Abaixo, a unha distancia duns 800 metros, unhas rochas longas e afiadas seméllanme o máis fermoso que vin en tempo. Serán a miña salvación, uns brazos pétreos que me dan a benvida á paz, ao descanso, ao silencio. Por fin.

Estas son as miñas derradeiras palabras. Palabras dirixidas a min mesmo, pois ninguén





as vai ler xamais.

Vou cara a eles. Cara á súa aperta agarimosa. Cara ó fin. E así, en menos de seis anos, chegamos á situación actual: tódas as fontes de enerxía coñecidas esgotadas, toda edificación existente feita ruínas, epidemias chegadas á magnitude de pandemias, todo o coñecido, todas as posibles ilusións e plans de futuro botados por terra, esnaquizados coma se o mundo fose unha xigante bóla de cristal que se escachara en mil anacos. A escasa poboación restante tivo que fuxir, que abandonar os seus fogares e instalarse nos cumes dos montes máis altos que se derretiron co aumento das temperaturas e que pasaron a converterse nas únicas zonas moderadamente habitables do mundo, xa que as antigas cidades foron engulidas polo nivel do mar.

Voltámonos semisalvaxes, cazando calquera animal comestible e matando a quen sexa necesario para obtelo. ¿En qué nos convertimos? Tornámonos máis salvaxes cós animais. Tornámonos animais.

Posiblemente eu sexa a única persoa no mundo que saiba escribir. A verdade é que non sei por

que escribo isto. Se cadra alguén se ha salvar. Se cadra alguén, dentro de moitos anos, lee isto e entende o que pasou...

Que parvadas! Ninguén se ha salvar. Todos e cada un dos componentes da raza humana, que digo? todo ser vivo sobre a faz da Terra ha morrer en cuestión de meses.

Por iso, para qué esperar? Sei que estas palabras que escribo non son máis cás elucubracións dun enfermo de tolemia terminal. Ninguén vai ler isto. Ninguén. Nunca.

Aquí no Everest temos unha temperatura duns 30° centígrados. Asómome ao baleiro. Atópome no alto dun cantil. Abaixo, a unha distancia duns 800 metros, unhas rochas longas e afiadas seméllanme o máis fermoso que vin en tempo. Serán a miña salvación, uns brazos pétreos que me dan a benvida á paz, ao descanso, ao silencio. Por fin.

Estas son as miñas derradeiras palabras. Palabras dirixidas a min mesmo, pois ninguén as vai ler xamais.

Vou cara a eles. Cara á súa aperta agarimosa. Cara ó fin.